

**Obxecto:** Solicitude de informe  
Estudo de Impacto Ambiental, proxecto sectorial e documentación adicional relativa ao informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural sobre o EIA e o proxecto sectorial

**Proxecto:** Parque eólico Monte Peón

**Localización:** A Lama (Pontevedra)

**Promotor :** Naturgy Renovables, SLU

**Remitente:** Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

**Data rexistro:** 02.06.2021

**S/clave:** N408A 2018/04

**Expedientes:** 03.I.522.2020.001 (Servizo de Arqueoloxía) e IA3123/2020 (Servizo de Arquitectura)

O 02.06.2021 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito da Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación no que, en relación co "*Estudio de Impacto Ambiental Parque Eólico Monte Peón. Decembro 2019*", informado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o 03.03.2021, preséntase documentación complementaria denominada "*Memoria refundida de Evaluación del Impacto sobre el Patrimonio Cultural del Parque Eólico Monte Peón, ayuntamiento de A Lama (Pontevedra)*" ao obxecto de que se emita informe respecto á mesma.

#### ANTECEDENTES:

En relación co proxecto de referencia atópase nesta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o seguinte antecedente:

- *Estudio de Impacto Ambiental Parque Eólico Monte Peón. Decembro 2019 e Proxecto sectorial Parque Eólico Monte Peón. Decembro 2019*, informados pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o 03.03.2021. No dito informe solicítase a modificación do deseño do parque eólico co fin de evitar a afección a elementos integrantes do patrimonio cultural.

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

##### Lexislación aplicable en relación co patrimonio cultural:

- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36, do 22.02.2011)
- Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia (DOG núm. 20 do 01.02.2021)
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008)
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)
- Lei 9/2018, de 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013 de 9 de decembro de avaliación ambiental, a Lei 21/2015 de 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes e a Lei 2/2005, de 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de emisións de gases de efecto invernadoiro (BOE núm. 294, do 06.12.2018)
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)
- Decreto 198/2020, de 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (DOG núm.242 do 01.12.2020)

Tense en conta o informe do Servizo de Arqueoloxía e do Servizo de arquitectura:

##### Análise da documentación complementaria:

- A documentación complementaria remítese para dar resposta ao informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 03.03.2021 sobre o estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial do





parque eólico Monte Peón. Consiste nunha *"Memoria refundida de Evaluación del Impacto sobre el Patrimonio Cultural del Parque Eólico Monte Peón"*, asinada polo arqueólogo Cristóbal Nodar Nodar, na que se presentan e xustifican as solucións adoptadas para o cumprimento das indicacións incluídas no dito informe e analizar os impactos que a solución definitiva podería ocasionar sobre o patrimonio cultural.

- Realízase unha análise en detalle do camiño tradicional identificado no estudo de impacto sobre o patrimonio cultural, abandonado e sen continuidade en moitos tramos e afectado polos accesos ao monte e o cortalumes. Foron localizados cinco tramos empedrados que serán obxecto de protección.
- Analízanse dúas alternativas para o trazado do camiño de acceso aos aeroxeradores. A alternativa 1, que non cruzaría o trazado hipotético do camiño tradicional, xeraría movementos de terra de grandes proporcións, con desmontes de ata 8 m de profundidade e terrapléns de 10 m de altura en varios puntos; polo que no documento se propón como máis viable a alternativa 2, que mantén a posición dos aeroxeradores e axusta o trazado do vial de acceso e as zonas de ocupación, de xeito que as modificacións introducidas serían:
  - Desprazamento da plataforma de acopios de pas do aeroxerador 1, respecto do proxecto inicial, para non ocupar o trazado hipotético do camiño tradicional.
  - Redución dunha das zonas temporais de obra co obxecto de gardar máis distancia ao camiño e que non se produzan afeccións.
  - Modificación do trazado do vial de acceso aos aeroxeradores para evitar o cruce co camiño tradicional xusto entre dous tramos empedrados do camiño tradicional, como sucedía no proxecto inicial. Os cruces distánciase 20 m aos tramos empedrados.
- No documento analízase tamén o impacto paisaxístico sobre o santuario das Ermidas e valóranse dúas alternativas de modificación da posición do aeroxerador MP-03 desprazando o aeroxerador cara á ladeira contraria ao santuario. Conclúese que a mellor solución é manter a posición do aeroxerador no emprazamento inicial do EIA dado que as outras dúas alternativas analizadas, *"levan a ter que realizar unha escavación de envergadura a media ladeira, o que provocaría uns taludes de desmonte elevados, co conseguinte movemento de terras, erosión do terreo e impacto paisaxístico asociado"*.  
Asemade, xustifican que as plataformas para a construción e montaxe do aeroxerador, na posición inicial, non serán visibles desde o santuario e non hai diferenza significativa na visibilidade do aeroxerador.
- Respecto á cualificación do impacto, mantense a valoración feita para o deseño inicial, así como as medidas correctoras propostas, tanto as xenéricas como as específicas e engádesse, como medida compensatoria pola afección ao trazado do camiño a seguinte proposta:
  - Sinalizar a traza do camiño tradicional nas zonas de cruces co vieiro do parque eólico, mediante pavimento de formigón en distinta cor.

Tendo en conta a nova documentación achegada infórmase o seguinte:

#### **Estudo de Impacto Ambiental (documento remitido o 14.10.2020)**

- O documento recolle a valoración ambiental do proxecto do parque eólico Monte Peón de 12,6 MW de potencia total, que constará de 3 aeroxeradores, de 4,2 MW de potencia nominal, 154 m de altura de buxa e 138 m de diámetro de rotor, e a súa infraestrutura asociada: accesos e vieiros interiores, cimentacións, movementos de terras, zonas de amoreamento de materiais, campamento e punto limpo, drenaxes lonxitudinais e transversais, plataformas de montaxe e áreas de manobras, gabias de cableado, subestación transformadora 30/132 kV e edificio de control e torre anemométrica.
- A alternativa elixida é a nº 3 na que se maximiza o aproveitamento do recurso eólico cunha menor afección medioambiental en todas as fases do proxecto.



- Os accesos ao parque realizaranse aproveitando a infraestrutura viaria da zona. Proxéctase desde a autoestrada AP-09 e polas as estradas PO-532, PO-255 e PO-241. Desde esta última parte un viario que une as poboacións Cima de Vila e O Catadoiro do que sae o acceso principal ao parque.
- No anexo XI "*Estudio de impacto arqueológico*" recóllense os resultados da intervención Prospección Arqueolóxica para Avaliación de Impacto sobre o Patrimonio Cultural do Parque Eólico Monte Peón (A Lama, Pontevedra) (ED 102A 2018/366-0), dirixida polo arqueólogo Cristóbal Nodar Nodar, realizada no ámbito de implantación do parque, valóranse os seus impactos sobre o patrimonio cultural e propóñense medidas cautelares e correctoras
- Os impactos sobre bens do patrimonio cultural valorados neste documento son os seguintes:

| COD       | ELEMENTO                        | CAUSA DO IMPACTO E XUSTIFICACIÓN                                                                                                                                         | IMPACTO     |
|-----------|---------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------|
| 19 (NNSS) | Santuario das Ermidas           | Gabia de cableado por devasa e estrada asfaltada a 300 m.                                                                                                                | Sen impacto |
| Camiño 01 | Camiño do Santuario das Ermidas | Viario principal do parque coincidente coa traza do camiño en varios puntos. Indicase que foi modificado o deseño do parque para que coincida con tramos non empedrados. | Compatible  |

- Destacar que o autor do "*Estudio de impacto arqueológico*" considera o impacto sobre o camiño tradicional compatible, e non severo ou crítico, porque o viario non afecta a tramos do camiño con estruturas recoñecibles (treitos empedrados). Impactando, polo tanto, sobre a traza e non sobre a estrutura do camiño.
- Propóñense medidas correctoras, tanto de carácter xeral como específicas. Dentro das medidas de carácter xeral contéplase realización dun control e seguimento arqueolóxico das obras, a comunicación ao equipo de arqueoloxía coa antelación suficiente de calquera obra non recollida no proxecto, a revisión do replanteo previo as obras, o balizado dos elementos patrimoniais, a sinalización dos elementos do patrimonio cultural na planimetría de obra, a prohibición de remocións non controladas nas súas inmediacións e a restrición das obras ao proxectado.

As medidas correctoras específicas propostas son as seguintes:

| COD       | ELEMENTO                        | CAUSA DO IMPACTO E XUSTIFICACIÓN                                                                                                                                                                      |
|-----------|---------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Camiño 01 | Camiño do Santuario das Ermidas | Control intensivo para da execución do viario nos tramos próximos as zonas empedradas. De aparecer tramos empedrados nas zonas de ocupación do viario propónse o seu rexistro detallado e desmontaxe. |
|           |                                 | Control e seguimento arqueolóxico do rozado na zona da subestación (cuberta por densa vexetación que impediu a súa revisión)                                                                          |

- Na análise da planimetría aportada compróbase que o camiño tradicional identificado na AIPC é afectado polas obras en varios puntos:
  - O viario de acceso principal crúzao nun punto e discorre tanxencialmente a el en varios tramos que, segundo as fotografías da memoria da AIPC, se corresponden con tramos empedrados.
  - A plataforma de montaxe do aeroxerador MP-01 sitúase moi próxima ao camiño e a zona de amoreamento asociada ás obras deste invade a traza do camiño que, segundo se identifica nas fotografías da citada memoria, se corresponde cun tramo empedrado.
  - As infraestruturas do aeroxerador MP-02 están moi próximas a un punto do camiño, polo que as obras poden afectar ao mesmo.
  - As zonas de amoreamentos xeral e a torre anemométrica localízanse á beira do dito camiño, nun tramo tamén empedrado.



- Na planimetría do proxecto de execución, planos de vieiros e perfís, concrétanse os movementos de terra a realizar para a execución dos traballos e dos mesmos se pode concluír que as actuacións previstas afectan notablemente a todos os tramos do camiño tradicional e non permiten garantir a integridade deste, facéndose incompatible a execución das obras coa súa conservación, menoscabando asemade o seu valor cultural como camiño de peregrinación tradicional.
- Por outra parte, a construción do parque eólico pode xerar impacto visual na paisaxe da contorna. Os aeroxeradores poden ser visibles desde os conxuntos parroquiais próximos e outros elementos arquitectónicos de singular interese cultural e afectar á súa percepción.

A documentación adicional remitida o 02.06.2021 vén a dar resposta ao informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 03.03.2021 e propón unha serie de modificacións, anteriormente analizadas neste informe, para minimizar as afeccións sobre os bens do patrimonio cultural identificados no Estudo de impacto sobre o patrimonio cultural, en especial o Camiño do Santuario das Ermidas.

Considérase que a proposta de modificación do parque eólico Monte Peón, recollida na documentación adicional, pode ser compatible coa protección asignada aos bens integrantes do patrimonio cultural coa adopción das medidas correctoras propostas. Non obstante, en relación coa medida compensatoria para sinalizar os cruces co camiño tradicional considérase inadecuado, neste caso, o emprego de formigón.

#### **Proxecto Sectorial (documento remitido o 14.10.2020)**

O proxecto sectorial estuda o ámbito de afección desde o punto de vista urbanístico e territorial. Inclúe no seu anexo 1: *Documentación ambiental, o Documento de Síntesis* do Estudo de Impacto Ambiental que consta de medidas protectoras e correctoras sobre o patrimonio cultural.

Cotexados os datos e a planimetría do proxecto sectorial cos datos e planimetría do Estudo de Impacto Ambiental compróbase que non existe diferencias nas características do proxecto.

#### **INFORME:**

Á vista do exposto na análise da documentación e nas consideracións técnicas informo de xeito **favorable** os documentos *Estudio de Impacto Ambiental Parque Eólico Monte Peón. Decembro 2019* e *Proxecto sectorial Parque Eólico Monte Peón. Decembro 2019*, coas modificacións propostas na documentación adicional, remitida o 02.06.2021 e debéndose levar a cabo as medidas correctoras establecidas no Estudo de Impacto Ambiental, no seu Anexo XI "*Estudio de impacto arqueológico*" e na "*Memoria refundida de Evaluación del Impacto sobre el Patrimonio Cultural del Parque Eólico Monte Peón*" da documentación adicional, así como coas seguintes **condicións**:

#### Respecto ao Estudio de Impacto Ambiental:

- Os traballos de construción do parque eólico e a súa liña de evacuación realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997).
- Os elementos do patrimonio cultural e as súas áreas de protección deberán plasmarse na cartografía da obra a unha escala representativa.
- Como medida xenérica, nas áreas de protección dos bens do patrimonio cultural, non se poderá realizar ningún tipo de obras relacionadas co proxecto, non previstas na documentación.
- Na fase de restitución dos terreos e integración ambiental, dentro do contexto do control e seguimento arqueolóxico, estudaranse e concretaranse as solucións de continuidade do camiño tradicional e as propostas da sinalización do seu trazado nos cruces co viario do parque eólico.



- Calquera modificación do proxecto terá que ser informada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
- Certificarase o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade de las obras.

Respecto ao proxecto sectorial:

- Na planimetría do proxecto sectorial deberán reflectirse os cambios propostos na documentación adicional.
- Na planimetría de clasificación urbanística proposta incluírase e grafarase o novo elemento patrimonial recollido no Estudo de Impacto Ambiental e o contorno de protección que lle corresponde segundo o art. 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia. Así mesmo, establecerase a clasificación de solo rústico de protección patrimonial no seu contorno de protección.
- O Concello de A Lama deberán integrar o camiño tradicional identificado como novo ben patrimonial etnolóxico no catálogo de bens culturais das súa normativa urbanística e definir e cartografar os seus contornos de protección na planimetría de ordenación.

Con carácter previo ao inicio das obras deberá presentarse unha avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural dos accesos ao parque eólico, na que se concrete o itinerario de acceso desde a rede de estradas xerais e se detallen as actuacións necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc..). Identificaranse os bens do patrimonio cultural que puideran verse afectados, tanto nos núcleos polos que se atravesase como no resto do trazado ata chegar aos aeroxeradores (hórreos, cruceiros, valados de pedra, muros de peche tradicionais, antigos camiños e corredoiras, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) e valorarase a posible afección aos elementos e os seus contornos, establecendo as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa salvagarda.

Cómpre sinalar que a técnica tradicional de construción de pedra en seco está incluída no Censo do patrimonio cultural de Galicia como manifestación do patrimonio cultural inmaterial pola resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do día 31.08.2016 (DOG num.186 do 29.09.2016) e tamén incluída na Lista Representativa do Patrimonio Inmaterial da Humanidade desde 2018.

Documento asinado electronicamente en Santiago de Compostela

A directora xeral do Patrimonio Cultural  
M<sup>a</sup> Carmen Martínez Ínsua

Servizo de Enerxías e Minas. Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia segunda, Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

